

## Accidente mortal en otis francia

O venres 2 de xaneiro de 2004 un accidente feriu mortalmente un técnico ao electrocutalo. O aparello é un A200 de dúas velocidades. A investigación policial e do CTR determinou a presenza de 220 V sobre o teito da cabina, entre teito, cable e guía. O técnico, duns 52 anos de idade, deixa muller e dous nenos. O martes 6 de xaneiro tivo lugar unha reunión extraordinaria do CHSCT do establecemento PPS.

Un comunicado do xornal parisiense (*Parisien*) facía referencia a unha falta de rigor do técnico como causa da súa morte, o que nos fixo reaccionar; a dirección enviou un correo no que expresa o seu asombro por dudar da profesionalidade do técnico.

O día 6 de xaneiro realizouse a reunión extraordinaria do CHSCT (Comité de Seguridade e Saúde Central). Cómpre salientar a presenza nesta reunión dos representantes da Cramif, da inspección do traballo número 15 e mais de Bobigny e do señor Roty (director de seguridade de OTIS, Francia).

O accidente do Sr. Dary tivo lugar no TGI de Bobigny, 173 Paul Vaillant couturier. O aparello é de marca THYSEN, orixe soretex, tensión de manobra de 220 V. Foi posto en servizo por OTIS o 03/03/03. Varios técnicos foron entrevistados como consecuencia dun orzamento de posta en conformidade e instalación suplementarias. Trátase da colocación de barreiras sobre o teito da cabina, cables da luz e colocación dunha célula. A primeira verificación dos interventores de OTIS tras o accidente deixa supor que o técnico estaba poñendo o conectando o aparello cando aconteceu o accidente. As constatacións das conexións sobre o corpo poden permitir pensar que o técnico se electrocutou cando quixo recoller a súa lanterna sobre o teito da cabina, suxeita ao cable apoiando o xeonllo sobre a carcasa do motor. As medidas efectuadas pola policía científica amosan a presenza de

220 V entre a ficha de terra da toma do teito da cabina e os cables de tracción, a guía e o limiar do nivel. O resultado da avaliación da policía científica (que determinou que a causa da defunción fora a presenza dunha fonte de corrente) non permitiu que os investigadores desen chegado a a avanzar máis pola envergadura do suceso. O CHSCT, que non posúe elementos suficientes, decidiu nomear unánimemente un experto para determinar a causa que provocou a presenza de 220 V sobre a ficha de terra e as posteriores solucións que poderían paliar o problema. Seguimos á espera.

Sobre o artigo aparecido no xornal parisiense, demos contactado por teléfono co xornalista e xunta coa señora Galuppo, de FO, redactamos este comunicado conxunto por dereito de resposta.

"No que respecta ao seu artigo, os nosos representantes de CE, DP, CHSCT e as organizacións sindicais da empresa OTIS estamos moi ofendidos polas súas palabras. Polo de agora, este accidente foi producido por un fallo eléctrico do aparello, aínda por determinar. Hai unha avaliación xudicial en curso cun experto nomeado polo CHST de OTIS. En ningún caso poden vostedes dudar da profesionalidade do técnico".

*Informounos Laurent Dalby, delegado de CGT*